



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

18 ABR. 2024 11:11:40

Entrada **21771**

Sobre as obras de mellora na N-VI ao seu paso polo Concello de Bergondo

| | |
|-----------------|--|
| Competencia | Competencias de la Cámara |
| Subcompetencia | Control e información |
| Tipo Expediente | 184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita. |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás obras de mellora na N-VI ao seu paso polo Concello de Bergondo.**

A N-VI é unha das principais arterias de comunicación para moitas persoas, soportando unha inxente cantidade de tráfico diario. En concellos como o de Bergondo, esta estrada transcorre por zonas densamente poboadas, como son as de Guisamo e Cortiñán. As reclamacións de melloras na seguridade viaria son constantes por parte da veciñanza residente nestas zonas, así como das persoas que circulan a diario pola N-VI.

En maio de 2022, logo dunha década de reivindicacións da veciñanza, apoiadas polo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana adxudicou finalmente as obras para eliminar un importante punto de concentración de accidentes como é o cruce entre a N-VI e a estrada de Ferrol a altura de Guisamo, un punto negro recoñecido pola propia Demarcación de Estradas, obras que están executándose na actualidade.

Porén, nesta mesma parroquia, existe unha vella reivindicación por parte da veciñanza, dos traballadores e traballadoras do polígono industrial, así como do CFEA (Centro de Formación e Experimentación Agro-forestal) de instalación dunha pasarela peonil para poder atravesar a estrada con seguridade, nunha zona que conta con moito tránsito de peóns e onde se sitúan dúas paradas de autobús. Trátase dunha actuación que leva en estudo por parte do Ministerio





aproximadamente dende 2018, 6 anos, pero da que non se volveu saber. En 2010, logo de tèreense producido varios atropelos, o Ministerio estudiaba a instalación tamén dunha pasarela peonil máis abaixo, xa no concello de Sada, que tampouco chegou a concretarse.

Tamén, na N-VI na parroquia de Guisamo segue sen solucionarse a deficiente sinalización e mantense un paso de peóns sen regulación semafórica fronte a zona máis comercial e no que se dan accidentes con frecuencia.

Outra problemática que levan padecendo as persoas residentes neste entorno son as frecuentes inundacións cando se dan fortes choivas debido a un problema derivado das conexións ao saneamento e a mestura con augas pluviais, para o que o concello de Bergondo ten solicitado a colaboración do Ministerio e poder levar adiante un proxecto de mellora e conversión en travesía desta zona.

Así mesmo, esta parroquia tamén está atravesada pola autopista AP9. Esta vía, no seu paso baixo a N-VI conta cunha ponte, que si ben no seu momento foi unha solución, actualmente non cumpre cos estándares mínimos de seguridade para os peóns posto que o espazo que queda para que estes poidan circular é mínimo. A zona de tránsito peonil non permite que camiñen dúas persoas á par, non cabe unha cadeira de rodas, un carriño dun bebe, nin tampouco un carro da compra, por exemplo, o que obriga a que as persoas non circulen pola parte habilitada senón pola beiravía incrementando o perigo e as posibilidades de accidentes nunha estrada que soporta unha grande circulación de vehículos diariamente.

Por outra parte, na parroquia de Cortiñán, tamén no concello de Bergondo, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana aprobou provisionalmente en febreiro de 2023 o proxecto denominado “Reordenación de accesos na estrada N-VI Travesía de Cortiñán (Bergondo). Tramo PP.KK. 576+200 ao 577+500”. Trátase dunha actuación que conta cunha grande demanda social e consenso na súa necesidade, pois precísase mellorar a seguridade dun tramo en que se teñen producido varios accidentes nos últimos anos, mesmo con vítimas mortais. Mais, até o momento, non hai



constancia de que se deran avances para executar o proxecto de mellora citado, do que nin tan sequera se resolveu o trámite de alegacións.

Por último, despois do nó de enlace coa AP9, a pouca distancia sitúanse dúas zonas de parada de transporte público, en concreto no lugar de Raxás, parroquia de Vixoi, así como un negocio de hostalaría, que fan que un amplo número de veciños e veciñas, especialmente a mocidade que se despraza até os centros de estudo, transite por este tramo e teñan que atravesar a N-VI neste punto. Cómpre mellorar a seguridade neste lugar, especialmente fronte ás paradas de autobús e asegurar así a posibilidade de pasar dun lado a outro sen risco para as persoas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. En que estado se encontra o proxecto denominado de “Reordenación de accesos na estrada N-VI na Travesía de Cortiñán (Bergondo). Tramo PP.KK. 576+200 ao 577+500”? Acelerará os trámites? Que calendario de execución prevé o Ministerio?
2. Entra nas previsións do Ministerio a instalación, á maior brevidade posíbel, dunha pasarela peonil no lugar de Bos en Guísamo tal e como reclama a veciñanza para mellorar a seguridade no momento de atravesar a estrada?
3. Realizará as accións oportunas para mellorar a seguridade no paso de peóns sen regulación semaforica situado na zona comercial de Guísamo, en que se rexistran numerosos accidentes?
4. Dará unha solución, en coordinación co Concello de Bergondo, á problemática que se dá en Guísamo de inundacións cando se producen fortes choivas para a cal o consistorio xa ten reclamado a colaboración do Ministerio para un proxecto de mellora e conversión en travesía deste tramo?



5. Que actuacións ten previsto acometer o Ministerio de Transportes para solucionar os problemas de falta de seguridade para os peóns na ponte da AP9 en Guísamo que atravesa a N-VI que non permite o tránsito pola zona habilitada e supor unha barreira arquitectónica para a circulación das persoas en cadeiras de rodas, con carros de bebé ou de compra? É coñecedor o Ministerio de que a actual falta de espazo obriga aos peóns a transitar pola beiravía da estrada e polo tanto incrementa o risco de accidentes e atropelos?
6. Realizará as actuacións precisas para garantir a seguridade das persoas viandantes diante das paradas de autobús do lugar de Raxás?

Madrid, a 18 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a las obras de mejora en la N-VI a su paso por el Ayuntamiento de Bergondo.**

La N-VI es una de las principales arterias de comunicación para muchas personas, soportando una ingente cantidad de tráfico diario. En concellos como el de Bergondo, esta carretera transcurre por zonas densamente pobladas, como son las de Guísamo y Cortiñán. Las reclamaciones de mejoras en la seguridad viaria son constantes por parte del vecindario residente en estas zonas, así como de las personas que circulan a diario por la N-VI.

En mayo de 2022, después de una década de reivindicaciones del vecindario, apoyadas por el BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana adjudicó finalmente las obras para eliminar un importante punto de concentración de accidentes como es el cruce entre la N-VI y la carretera de Ferrol a la altura de Guísamo, un punto negro reconocido por la propia Demarcación de Carreteras, obras que están ejecutándose en la actualidad.

Sin embargo, en esta misma parroquia, existe otra vieja reivindicación por parte del vecindario, de los trabajadores y trabajadoras del polígono industrial, así como del CFEA (Centro de Formación y Experimentación Agroforestal) para la instalación de una pasarela peatonal que permita cruzar la carretera con seguridad, en una zona que cuenta con mucho tránsito de peatones y donde



se sitúan dos paradas de autobús. Se trata de una actuación que lleva en estudio por parte del Ministerio aproximadamente desde 2018, 6 años, pero de la que no se volvió a tener noticia. En 2010, después de haberse producido varios atropellos, el Ministerio dijo estar estudiando también la instalación de otra pasarela peatonal más abajo, ya en el ayuntamiento de Sada, que tampoco llegó a concretarse.

También, en la N-VI en la parroquia de Guísamo sigue sin solucionarse la deficiente señalización y se mantiene un paso de cebra sin regulación semafórica frente la zona más comercial y en el que se dan accidentes con frecuencia.

Otra problemática que llevan padeciendo las personas residentes en este entorno son las frecuentes inundaciones cuando se dan fuertes lluvias debido a un problema derivado de las conexiones al saneamiento y la mezcla con aguas pluviales, para la cual el ayuntamiento de Bergondo ha solicitado la colaboración del Ministerio y poder llevar adelante un proyecto de mejora y conversión en travesía de esta zona.

Asimismo, esta parroquia también está atravesada por la autopista AP9. Esta vía, en su paso bajo a N-VI cuenta con un puente, que sí bien en su momento fue una solución, actualmente no cumple con los estándares mínimos de seguridad para los peatones puesto que el espacio que queda para que estos puedan circular es mínimo. La zona de tránsito peatonal no permite que caminen dos personas a la par, no cabe una silla de ruedas, un carrito de bebe, ni tampoco un carro de la compra, por ejemplo, lo que obliga a que las personas no circulen por la parte habilitada sino por el arcén incrementando el peligro y las posibilidades de accidentes en una carretera que soporta una gran circulación de vehículos diariamente.

Por otra parte, en la parroquia de Cortiñán, también en el ayuntamiento de Bergondo, el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana aprobó provisionalmente en febrero de 2023 el proyecto denominado “Reordenación de accesos en la carretera N-VI Travesía de Cortiñán (Bergondo). Tramo PP.KK. 576+200 al 577+500”. Se trata de una actuación que cuenta con una gran



demanda social y consenso en su necesidad, pues se precisa mejorar la seguridad de un tramo en que se han producido varios accidentes en los últimos años, incluso con víctimas mortales. Sin embargo, hasta el momento, no hay constancia de que se hayan dado avances para ejecutar el proyecto de mejora citado, del que ni tan siquiera se resolvió el trámite de alegaciones.

Por último, después del nudo de enlace con la AP9, a poca distancia se sitúan dos zonas de parada de transporte público, en concreto en el lugar de Raxás, parroquia de Vixoi, así como un negocio de hostelería, que hacen que un amplio número de vecinos y vecinas, especialmente la juventud que se desplaza hasta los centros de estudio, transite por este tramo y tenga que atravesar la N-VI en este punto. Hace falta mejorar la seguridad en este lugar, especialmente frente a las paradas de autobús y asegurar así la posibilidad de cruzar de un lado a otro sin riesgo para las personas.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿En qué estado se encuentra el proyecto denominado de “Reordenación de accesos en la carretera N-VI en la Travesía de Cortiñán (Bergondo). Tramo PP.KK. 576+200 al 577+500”? ¿Acelerará los trámites? ¿Qué calendario de ejecución prevé el Ministerio?
2. ¿Entra en las previsiones del Ministerio la instalación, a la mayor brevedad posible, de una pasarela peatonal en el lugar de Bos en Guísamo tal y como reclama el vecindario para mejorar la seguridad en el momento de cruzar la carretera?
3. ¿Realizará las acciones oportunas para mejorar la seguridad en el paso de cebra sin regulación semafórica situado en la zona comercial de Guísamo, en que se registran numerosos accidentes?
4. ¿Dará una solución, en coordinación con el Concello de Bergondo, a la problemática que se da en Guísamo de inundaciones cuando se producen fuertes lluvias para la cuál el consistorio ya ha reclamado la



colaboración del Ministerio para un proyecto de mejora y conversión en travesía de este tramo?

5. ¿Qué actuaciones ha previsto acometer el Ministerio de Transportes para solucionar los problemas de falta de seguridad para los peatones en el puente de la AP9 en Guísamo que cruza la N-VI que no permite el tránsito por la zona habilitada y supone una barrera arquitectónica para la circulación de las personas en sillas de ruedas, con carros de bebé o de compra? ¿Es conocedor el Ministerio de que la actual falta de espacio obliga a los peones a transitar por el arcén de la carretera y por lo tanto incrementa el riesgo de accidentes y atropellos?
6. Realizará las actuaciones precisas para garantizar la seguridad de las personas viandantes delante de las paradas de autobús en el lugar de Raxás?

Madrid, a 18 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso